Sant-Iago 30-III-1954

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e admirado amigo: Estiven remexendo no meu caos de Ourense a procura de algun exemprar de "Adolescencia" libro de cinza nos beiros e non o atopei. En Trasalba, outro medoño pandemonium de libros e cartas non tiven vagar pra buscar. Non puxen na nómina duas novelas mandadas por o 39 ou 40 a Bos Aires ("Schwartzwald" en galego e "Entre el Noviciado y el Ateneo" en castelán) porque as supoño perdidas inda que a primeira está como pra publicar anunciada nun catalogo vello de "Nós". Tampouco puxen unha, en cartas publicada n'Ourense no periódico, do vivir e morrer de un crego de aldea. Aventura onde a loitar con moitas queridas pantasmas. Mais a precisión e urxencia de rehaitar enteiramente toda a Geografia de España de Gallach cómeme o millor do tempo. Desexandolle ver e cos meus respeitos á dona e ás fillas apertas sempre seu Ramón Otero Pedrayo

1153-2